

O xénero lírico

Que é?

- O xénero lírico **é o xénero das emocións por excelencia**. Cando alguén escribe un texto poético faino para expresar os seus sentimentos (amor, rabia, desesperanza, placidez... os que sexan) e, polo tanto, **resultan textos moi subxectivos** o que, certamente, dificulta a lectura porque non sempre nos é doado comprendermos as emocións dos demais...

Que é?

- O xénero lírico **é o xénero das emocións por excelencia**. Cando alguén escribe un texto poético faino para expresar os seus sentimentos (amor, rabia, desesperanza, placidez... os que sexan) e, polo tanto, **resultan textos moi subxectivos** o que, certamente, dificulta a lectura porque non sempre nos é doado comprendermos as emocións dos demais...

Características

- Nos textos poéticos empréganse **recursos estilísticos** que obrigan a unha lectura atenta para poder comprender o sentido verdadeiro das palabras.
- O **texto poético** moitas veces posúe unha forma (número de sílabas, tipos de rimas, tipo de estrofas...) destinada a chegar o **ritmo e a musicalidade**.

Características

A **musicalidade** é unha das características deste xénero (de feito os primeiros textos poéticos da nosa literatura son letras de cancións) . Conséguese mediante o **ritmo e a rima**.

Ritmo

O **ritmo** conséguese:

Coa medida dos versos: Se todos os versos teñen a mesma medida o texto presentará un ritmo suave e melódico, mais ás veces interesa romper o ritmo para chamar a atención.

Disme que temos que levantar o voo,
cambiar de aires,
fuxir.

Pero onde vaíamos, iremos ti e mais eu
e quen sabe se todo isto non virá tamén.

Os versos longos dan impresión de sosego e monotonía, mentres que os versos curtos poden transmitir a sensación de rapidez.

Co emprego de recursos estilísticos como o paralelismo.

A medida dos versos

Para medir a lonxitude dos versos debemos contar o número de sílabas que compoñen cada un, pero **hai que ter en conta**:

- **A acentuación da última palabra:**

Se se trata dunha palabra **grave** contaremos as sílabas de xeito **normal**.

Se se trata dunha palabra **aguda** ou un monosílabo engadiremos **unha sílaba máis**.

Se se trata dunha palabra **esdrúxula** debemos restar **unha sílaba**.

Beira

O mar borracho de sol, **7+1**

anda a tombos pola praia, **8**

a montaña lavandeira **8**

bota areales nas ágoas. **9-1**

A medida dos versos

- **Algunhas licenzas:** Por veces o número de sílabas reais pode alterarse se o/a autor/a decide botar man dalgún dos seguintes recursos:

Sinalefa: consiste en contar como unha única sílaba a última sílaba dunha palabra e o comezo doutra. Só se pode aplicar cando a última comeza por vogal e a primeira comeza tamén por vogal ou por hache.

El navegar, navegaba 8
unha dorna mariñeira; 8
nos ollos sempre un relanzo 8
de escumas cantaroleiras 8

A medida dos versos

- Se temos en conta a medida dos versos, podemos agrupalos segundo sexan:

Versos de arte menor: Teñen oito sílabas ou menos (bisílabos, trisílabos, tetrasílabos, pentasílabos, hexasílabos, heptasílabos ou octosílabos).

- **Versos de arte maior:** Teñen máis de oito sílabas (enneasílabos, decasílabos, hendecasílabos, dodecasílabos, tridecasílabos, alexandrinos ...).

A rima

- A rima é a repetición de certos sons a partir da última vogal acentuada dun determinado verso nos versos seguintes. Os poemas que non teñen rima chámanse poemas de verso libre.

Pódese distinguir dous tipos de rima:

Rima consoante: repítense vogais e consoantes (sempre a partir da última vogal tónica).

-Esta torre hai mil anos a

que a fixeron os fenicios b

- Tamén hai algúns indicios b

De que é obra dos romanos a

A rima

Rima asonante: repítense
unicamente **as vogais**.

No ceo, azul clarísimo; -
No chan, verdor intenso; **a**
No fondo da miña alma, -
Todo sombrizo e negro. **a**